



VI BTT CONCELLO DE O PINO

Domingo 24 de setembro de 2017

Regulamento

1. O **Concello de O Pino** organizará o **domingo 24 de setembro** a **6ª edición da súa RUTA BTT**, unha marcha cicloturista de 42,7 km de percorrido (distancia aproximada) e de dificultade técnica/física media cuxa saída terá lugar ás 09:30 horas diante do Centro Escolar CPI Camiño de Santiago ubicado na localidade de Arca-Pedrouzo (a 3 km do aeroporto de Santiago N-547). O percorrido e o track da marcha será publicado con antelación á mesma na web www.concellodeopino.com e na web www.emesports.es.
2. A entrega de dorsais realizarase no Centro Sociocultural Luis Seoane a partir das 08:15 horas do domingo 24 de setembro de 2017. A saída da proba darase ás 09:30 horas na rúa do Concello diante do centro escolar CPI Camiño de Santiago.
3. Nesta proba popular **non federada e non competitiva** poderán participar todos aqueles deportistas con 18 anos cumpridos ou os menores de 16 e 17 anos con autorización paterna/materna que acepten e cumpran as condicións regulamentarias da proba e que se inscriban no xeito e prazo precisos. Dita autorización poderán solicitala no correo deportes@concellodeopino.com.
4. As inscricións online poderán realizalas online a través da páxina web www.emesports.es. Presenciamente poderán realizar as súas inscricións no **Concello de O Pino** sito na localidade de Arca-Pedrouzo, e nos establecementos **Motos Carballeiro** (Basquiños Nº 50, Santiago), **Bicicletas Oliveira** (Sánchez Freire Nº 83, Santiago) e **Cafe Bar Caminante** (San Lázaro, Santiago) e **O Rey Bicis** (Avda Rosalía de Castro, 1, Santiago).
O prezo de inscrición será de **10 €**.
O prazo de inscrición rematará o **xoves 21 de setembro ás 14:00 horas**. **NON SE ADMITIRAN BAIXO NINGUN CONCEPTO INSCRICIONS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN O DIA DA PROBA**. Calqueira dúbida ou problema relacionado co proceso de inscrición poderán dirixirse os teléfonos **654 28 56 92** e **981 511 002**.
5. Os ciclistas percibirán unha placa / dorsal que se colocará no manillar da bicicleta e un chip de control na súa parte posterior. Non terán que devolvelo unha vez conclúa a proba. Todo ciclista que entre na meta sen algún destes elementos será automaticamente descalificado. Queda **totalmente prohibido** participar na Marcha sen levar o dorsal regulamentario e sen estar inscrito na mesma.
6. A organización establecerá determinados puntos de control polo percorrido. Os ciclistas que se salten ditos puntos ou atallen serán descalificados a criterio da organización.
7. As inscricións para participar na Marcha son persoais e intransferibles. Por iso, cada corredor deberá levar visible o dorsal asignado pola organización, quedando prohibida a cesión do mesmo a outro ciclista. En calquera dos dous supostos, a Organización non se fará responsable dos danos propios ou alleos que se puidieran producir e se reserva o dereito a emprender accións legais.
8. A participación na proba incluírá avituallamentos líquidos e sólidos, tanto no punto intermedio do circuito, como na zona de meta, servizo de lavado de bicicletas na zona próxima a SAIDA, seguro de RC e de accidentes deportivos, servizo de duchas e vestiarios no polideportivo municipal e no campo de fútbol de Reboredo e agasallo cortesía da organización.

9. O percorrido da ruta transcorrerá na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de O Pino, existindo cruces con tramos de estradas que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Vial e no Regulamento Xeral de Circulación.
10. Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar lixo en todo o percorrido a excepción dos contedores situados nos puntos de avituallamento. Non acatar esta norma suporá a inmediata expulsión da proba.
11. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba. Entendese que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do **BTT**.
12. Cada participante será autosuficiente e responsable do seu material e das avarías que poida ter ao longo do percorrido. A organización non disporá de servizo de reparacións. En caso de que o participante sufra unha avaría que imposibilite a finalización da proba, este deberá chamar ao teléfono situado no dorsal para a súa recollida ou dirixirse o punto de control máis próximo ou á zona cuberta polo persoal voluntariado.
13. O emprego de casco será obrigatorio; non levar este elemento de protección suporá a descualificación e retirada inmediata do itinerario ou ruta.
14. A organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.
15. Haberá servizo de ambulancia, médico e persoal de voluntariado colocado ó longo do percorrido. Un vehículo abrirá en todo momento á marcha.
16. O feito de inscribirse na proba suporá a TOTAL aceptación das bases que conforman este regulamento. A aceptación deste reglamento implica que cada participante autoriza a organización desta marcha ciclista a grabación total ou parcial da súa participación, da o seu consentimento para que poida empregar a súa imaxe para a promoción ou difusión da proba en todas as súas formas (radio, prensa, video, foto, DVD, internet, carteles, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos a súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa parte a recibir compensación económica algunha.

LEMBRASE QUE ESTA E UNHA MARCHA CICLOTURISTA NON UNHA CARREIRA OU COMPETICION, POLO CAL PREGASE REALIZALO CIRCUITO CON PRECAUCION E SEN ASUMIR RISCOS INNECESARIOS